

Guía de actuación. Coordinador Xeral.

Simulacro ou emerxencia.

- Xefe de Estudos, outro Cargo Directivo ou profesor nomeado polo Xefe de Emerxencia.

1.- Será localizada por un bedel ou outra persoa a instancias da Directora avisándolle da inminencia do simulacro ou emerxencia. Se está en clase encomenda o alumnado ó profesor/a da aula máis próxima.

Reúnese coa Directora na conserxería -planta baixa- para coñecer as variantes do plan de evacuación xeral e elabora unha nova estratexia de ser necesario. Se non aplica o sistema xeral coñecido.

2.- Reúnese co profesorado de garda e sen grupo na Sala de profesores. De non haber suficiente profesorado de garda nomea algún profesor/a sen grupo como Coordinador de planta ou sector. En caso de que non haxa profesorador sen grupo nomea a un profesor da aula máis próxima á sala de profesores en cargando os seus alumnos a outro profesor doutra aula. Nomea tamén profesorado para axudar na baixada dos grupos, fundamentalmente no arranque e desembarco de escaleiras así como as proximidades das portas de evacuación.

3.- Entrega aos coordinadores de planta e sector a folla de evacuación do seu sector ou planta. Resume as instrucións escritas:

Ao coordinador da planta baixa: (profesor de garda da planta baixa) debe fixarse na hora para logo apuntar o tempo, baixa á parte nova, manda a evacuación da zona Ed. Física, Tecnoloxía e Orientación. Logo ordena a evacuación do corredor longo de 1º de ESO. Cando estea rematando esta planta, avisa ó Coordinador da parte nova a través da escaleira. Apunta o tempo de evacuación. Comproba a evacuación total da planta. Dirixise ó patio cuberto e colaborar na colocación dos grupos. Axudar no retorno ás aulas.

Ao coordinador da parte nova (profesor de garda da 1ª): debe fixarse na hora para logo apuntar o tempo. Dirixese á parte nova 1ª plante e espera o aviso do coordinador da planta baixa. Cando se produce o aviso -ou se non o hai- cando perciba que a planta baixa evacuou- ordena a evacuación da parte nova da 1ª planta, sube á 2ª planta e ordena a evacuación, por último ordena a evacuación das dúas aulas na 3ª. Apunta o tempo de evacuación. Comproba a evacuación total do sector. Axuda no retorno ás aulas.

Ao coordinador da parte vella (profesor de garda da 2ª): debe fixarse na hora para apuntar o tempo, cando sae da Sala de profesores ordena a evacuación da parte vella da 1ª planta empezando por Laboratorio de CCNN, 2º ESO,... Física e Química. Sube á planta 2ª, ordena a súa evacuación empezando polas aulas de música. Cando termine de evacuar esta planta apunta o tempo. Comproba a completa evacuación do sector e baixa ó posto de control. Axuda no retorno ás aulas.

4.- Ir ó Posto de Control e axudar na colocación e retorno ás aulas. Pedir información ós coordinadores de planta.

Guía de actuación. Coordinador Xeral.

- Xefe de Estudos, outro
Cargo Directivo ou profesor nomeado
polo Xefe de Emerxencia.

- 1.- Reunión co Director na conserxería.
- 2.- Apuntar hora:_____
- 3.- Reunión cos profesores de garda.
- 4.- Asignación tarefas profs. sen grupo.
- 5.- Entrega de documentación e instrucións.
- 6.- Baixar ó posto de control.
- 7.- Comprobada a evacuación
apuntar a hora:_____
- 8.- Ordenar a volta á aula.